

ACTA N° 52/09

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 9 DE DECEMBRO DE 2009

Asistentes:

CONCELLEIROS:

D. Arturo González Pérez.
D. Daniel Rodas Chapela.
D. Valentín Piñeiro González
D. Víctor Manuel Pastoriza Lino.

Ten escusada a súa asistencia D.^a Libertad Cruz Couso.

Secretario: D. Carlos Piñeiro Sarmiento.

Na Casa do Concello de Moaña, o 9 de decembro de 2009, reúnense as devanditas persoas baixo a presidencia do señor alcalde, D. Xosé Manuel Millán Otero, asistidos por min, o secretario, coa finalidade de realizar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, anunciada para o día de hoxe ás 18:00 horas, en primeira convocatoria.

A Presidencia declara aberta a sesión ás 18:05 horas.

1.- APROBACIÓN, SE É O CASO, DA ACTA ANTERIOR.

Dáse conta do borrador da acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local número 49/09, do 16/11/09 e a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar dita acta.

2.- LICENZAS DE OBRAS

Vistos os expedientes instruídos a instancia dos interesados que de seguido se relacionan e examinados os informes do técnico e do secretario municipais, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a licenza de obras, que será efectiva, no seu caso, a partir da licenza de primeira ocupación, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circia subxección aos condicionamentos establecidos nos devanditos informes, e tras o pagamento das taxas correspondentes.

2.A) EXPTE. 266/08 – D^a MARÍA BUDIÑO DURÁN E D. MARCOS FERNÁNDEZ CASTRO, presentan proxecto básico de ampliación de vivenda unifamiliar, sita no lugar Xalde de Abaixo, núm. 2 – Pasante do Barrio de Xalde,

redactado polo estudo de arquitectura AR-UR-MO (Arquitectura e Urbanismo de Morrazo), visado na data 17.10.08.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 1 de decembro de 2009, que literalmente di:

ASUNTO: BASICO DE AMPLIACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR (OBRA MAIOR)

INFORME TÉCNICO. Procede licenza por resultar compatible coa normativa urbanística.

Proxecto básico. Non poderá construírse en tanto non se presente proxecto de execución
No expediente consta a acta de replanteo para o sinalamento da alineación, fixación de cesións e fianza subscrita polo arquitecto técnico municipal con data de 2 de xullo de 2009 para ordenanzas 7.

Non require informes sectoriais.

Proxecto modificado nos planos AR02,AR04,AR05,AR06,AR07 con data de visado o 07/08/2009.

Cumpre coas Normas do habitat de Galicia

Cédense 19,80M/2 , resultado de aplicar a afección do sistema viario sobre a parcela co obxecto de incorporalo a este.

Constitúese fianza por un importe 390,85 euros, cuantía que responde os gastos de urbanización simultánea a acometer polo peticionario..

Superficie da parcela según medición técnica ascende a 826,00 metros cadrados

No expediente consta o estudo básico de seguridade esaude.

A eficacia desta licenza condiciónase a ter rematadas as obras de edificación e urbanización simultánea en prazo; para recibir estas ultimas polo concello e facultar a conexión coas infraestruturas correspondentes levaranse a cabo obtendo a licenza de primeira ocupación antes do primeiro uso.

Notas pro informe xurídico:

A presente licenza aplícaselle o disposto na Lei 9/2002, disposición transitoria primeira 1.e) por ser solo de núcleo rural con planeamento aprobado ao abeiro da Lei 11/1985 de adaptación da do solo a Galicia.

Liquidación provisoria de tributos:

Imposto sobre construcións.....	1.867,40 €
Taxas licenza urbanística.....	166,73 €
Cartel de obra.....	110,00 €

2.B) EXPTE. 159/09 – D. ALFONSO ÁLVAREZ DOMINGO, presentan proxecto básico e execución de vivenda unifamiliar a situar no lugar de Abelendo, núm. 190 Moaña, redactado pola arquitecta D.^a María Teresa Fernández Iglesias, visado na data 29.07.2009

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 2 de decembro de 2009, que literalmente di:

ASUNTO: BASICO E DE EXECUCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR (OBRA MAIOR)

INFORME TÉCNICO: Procede licencia por resultar compatible coa normativa urbanística.

Proxecto básico e de execución.

No expediente consta a acta de replanteo para o sinalamento da alineación, fixación de cesións e fianza subscrita polo arquitecto técnico municipal con data de 5 de novembro de 2009 para ordenanzas 1.

Require informes sectoriais.

No expediente consta autorización administrativa da Deputación Provincial.

Cumple coas Normas do habitat de Galicia

Cédense 28,00M/2 , resultado de aplicar a afección do sistema viario sobre a parcela co obxecto de incorporalo a este.

Constitúese fianza por un importe 700,00euros, cuantía que responde os gastos de urbanización simultánea a acometer polo peticionario..

Superficie da parcela según medición técnica ascende a 898,00 metros cadrados

No expediente consta o estudo básico de seguridade esaude.

A eficacia desta licenza condiciónase a ter rematadas as obras de edificación e urbanización simultánea en prazo; para recibir estas ultimas polo concello e facultar a conexión coas infraestruturas correspondentes levaranse a cabo obtendo a licenza de primeira ocupación antes do primeiro uso.

Notas pro informe xurídico:

A presente licenza aplícaselle o disposto na Lei 9/2002, disposición transitoria primeira 1.b) por ser solo urbano con planeamento aprobado ao abeiro da Lei 11/1985,polo tanto, non adaptado a Lei 1/1997 por reunir as condicións do artigo 12.a) da Lei 9/2002 para a condición de soar.

Liquidación provisoria de tributos:

Imposto sobre construcións.....	2.400,40 €
Taxas licenza urbanística.....	300,00 €
Cartel de obra.....	110,00 €
Sumidoiros	180,00 €

2.C) EXPTE. 192/09 – UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, S.A. presenta proxecto para rede de baixa tensión para subministración de enerxía eléctrica a un edificio de 12 vivendas na rúa Ramón Cabanillas, 214; visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos de Vigo o 10.09.09.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 1 de decembro de 2009, que literalmente di:

ASUNTO: RBTS (REDE DE BAIXA TENSIÓN RAMÓN CABANILLAS 214)

INFORME: Procede licenza de acordo coa documentación técnica presentada.

No expediente consta o estudo básico de seguridade e saude.

3.- LICENZA DE OBRAS ASOCIADA A UNHA DE ACTIVIDADE

- **EXPTE. 123/09 – RÍO DA RIBIERA MACBIL, S.L.** presenta proxecto de adaptación de local para Cafe-Bar, situado en r/ Concepción Arenal, 72, baixo, redactado polo arquitecto técnico D. Humberto Guimeráns Gallego, visado na data 17 de xuño de 2009; superficie total 115,40 m2; orzamento das obras 28.495,50 euros.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 1 de decembro de 2009, que literalmente di:

EXP. OBRAS:123/09

EXP. APERTURA:19/09

PETICIONARIO: RIO DA RIBEIRA MACBIL, S.L.

ASUNTO: LICENZA DE OBRAS E ACTIVIDADE PARA CAFÉ-BAR

SITUACIÓN: R / CONCEPCIÓN ARENAL

INFORME: Procede licenza de obras e actividade destinada a cafe-bar de acordo co proxecto técnico.

O apartado 3 do Artigo 22 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais –Decreto de 17 de Xúño de 1955- especifica que con arreglo ao proxecto presentado, a edificación dun inmueble se destinará a establecemento de características determinadas, non se outorgará a licenza de obras sin o otorgamento da licencia de apertura se fose procedente.

Abondando an cuestión, o apartado 2 do Artigo 196 da lei 9/2002, reformada pola lei 15/2004 de Ordenación urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia nos afirma que nos supostos que esixan licencia de actividade ou apertura e , ademais, licencia urbanística, serán obxero duna soa resolución, sin prexuízo da formación e tramitación simultánea de pezas separadas de cada intervención administrativa.

A ordenanza de usos das NN. SS de Planeamento municipal resulta compatible.

No expediente consta informe favorable da Consellería de Sanidade

A Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza fixa o aforo para 46 persoas non impoñen condicionamentos a licenza

Dado a existencia de informes sectoriais de outras administracións concorrentes no espazo do expediente de actividade e sendo que a proposta de resolución da solicitude de licencia de actividade clasificada ou de apertura ten prioridade sobre a correspondente licencia urbanística, resolta a tramitación da actividade deste expediente débese outorgar licenza conxuntamente coa licenza urbanística de obras.

Rematadas as obras deberá presentar o certificado final de obra do facultativo encargado das mesmas e certificación acústica emitido por entidade homologada; os servizos municipais supervisarán a instalación antes da posta en funcionamento e apertura da mesma.

Liquidación provisoria de tributos:

Imposto sobre construcións.....	797,87 €
Taxas licenza urbanística.....	71,24 €
Cartel de obra.....	110,00 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes e á vista do informe do técnico e do secretario municipal, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circia subxección aos condicionamentos establecidos nos devanditos informes existentes no mentado expediente, e tras o pagamento das taxas correspondentes, acorda:

PRIMEIRO: Outorgar licenza de actividade que solicita RÍO DA RIBEIRA MACBIL, S.L., representada por D.^a Ana María Macey Nogueira, para a actividade de CAFE BAR.

SEGUNDO: Outorgar a licenza urbanística para as obras de ADAPTACION DE LOCAL PARA CAFE-BAR asociada a unha LICENZA DE ACTIVIDADE. A licenza urbanística determina o devengo do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, e en consecuencia, apróbase a liquidación provisional do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras, de conformidade co orzamento incluído no proxecto presentado, polas cantidades arriba referidas.

TERCERO.- Non poderá comezarse a exercer a actividade mencionada en tanto non se conceda a LICENZA MUNICIPAL DE APERTURA E POSTA EN FUNCIONAMENTO que deberá solicitar o interesado, declarando a execución das obras de conformidade cos termos desta Licenza, acompañando á petición, certificado do Técnico Director das obras ou instalacións en que se especifique a súa conformidade cos termos desta Licenza, sen prexuízo de que todo o anterior sexa corroborado polo arquitecto técnico municipal a cuxo efecto levantará Acta de Comprobación.

4.- OBRAS MENORES

Vistos os expedientes instruídos a instancia dos interesados que de seguido se relacionan e examinado o informe do técnico, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos señores asistentes, acorda conceder as licenzas de obras menores, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circia suxeición ós condicionamentos establecidos nos devanditos informes, e tralo pagamento das taxas correspondentes.

4.A) EXPTE. 229/09, D. JOSÉ LUIS ROMERO MARTÍNEZ presenta solicitude para a construción dun muro de cerramento de parcela, situada no lugar de Carballadasna, núm. 9 A, do barrio de Abelendo, de 25,65 m. liñais e 2 m. de altura, a base de zócalo en pedra de perpiaño e malla electrosoldada e colocación de dous portais metálicos, un de 3 m. e outro de 1 m. de conformidade coa documentación presentada.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 1 de decembro de 2009, que literalmente di:

ASUNTO: CERRAMENTO (OBRA MENOR)
INFORME: **Procede licenza.**

Require informes sectoriais.

No expediente consta autorización da Deputación Provincial, condicionados que debe someterse en particular que a posición do peche distará a 6,30 do eixo da estrada e sempre detrás da acera.

Altura máxima a partir da rasante será de dous metros de acordo coa documentación presentada.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción	70,00 €
Taxas licenza urbanística	65,00 €

4.B) EXPTE. 98/09, D. MANUEL ARCA FILLOY presenta solicitude para a construción de muros interiores de cerramento de parcela, cancela de acceso e soleira exterior, no terreo da súa propiedade sita no barrio de Verdeal, núm. 167, Domaio-Moaña, de conformidade coa documentación presentada.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 1 de decembro de 2009, que literalmente di:

ASUNTO: MURO INTERIOR E SOLEIRA(OBRA MENOR)

INFORME: **Procede licenza.**

Require informes sectoriais.

No expediente consta autorización administrativa da Deputación Provincial cuxas condicións debe someterse. O muro situarase o interior da parcela a 12 metros do eixo da estrada detrás do garaxe existente, a soleira de formigón de 97 metros cadrados posicionarase a 9 metros do eixo da estrada.

Con relación o camiño público o muro distará catro metros do eixo.

Alturas segundo a documentación presentada.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción 62,57 €

Taxas licenza urbanística 65,00 €

5.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN

5.A) O concelleiro delegado de Urbanismo informa á Xunta de Goberno Local do escrito formulado por D. JOSÉ MEIRA BARCÍA no que SOLICITA licenza de primeira ocupación para vivenda unifamiliar situada no lugar de Berducedo, pertencente á licenza de obra Expte. nº 119/2005, concedida pola XGL en sesión de data 30.05.2005.

Considerando que a dito escrito únese a documentación esixible para o trámite de licenza de primeira ocupación, e visto o informe do técnico municipal de data 4 de decembro de 2009 que di:

INFORME TÉCNICO SOBRE LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN PARA O EXPEDIENTE DE OBRA 119/05

CONSIDERACIÓN LEGAIS E TÉCNICAS:

A revisión e adaptación das Normas subsidiarias de planeamento municipal de Moaña, na que se sustenta para emitir a seguinte información, foron aprobadas definitivamente polo Concello en sesión plenaria do cinco de febreiro de 1996, publicándose no BOP número 103, do vinte e nove de maio de 1996.

A solicitude obxecto do presente informe, presenta a seguinte documentación:

- Recibo de pago da taxa de liquidación pola Licenza de primeira ocupación.
- Recibo de pago do imposto de construción e da taxa de licenza urbanística

- Certificado final de obra, conforme a obra foi rematada segundo o proxecto aprobado e a documentación técnica que o desenvolve, asinado polo arquitecto técnico D. Cristóbal Juncal Ríos, o día 15 de xuño de 2009, e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos Técnicos de Pontevedra o día 25 de xuño de 2009; asinado polo arquitecto D. Rafael Oliveira Souto o día 15 de xuño de 2009, e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o día 03 de xullo de 2009.

- Fotografía e planos do estado final da obra rematada e acordos coa licenza adxudicada.

- Copia de declaración simplificada de alteración de bens inmobles de natureza urbana. Modelo 902-N.

- Copia do acordo de concesión de licenza de obra para o expediente núm. 119/05.

INFORME: Unha vez que se comprobou a documentación requirida e feita unha inspección ao lugar de emprazamento **procede informar favorablemente** a solicitude de Licenza de primeira ocupación.

Liquidación provisoria de tributos

Licenza primeira ocupación 130,00 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a licenza de primeira ocupación para vivenda unifamiliar dimanante da licenza en Expte. nº 119/2005, ao seu promotor D. JOSÉ MEIRA BARCIA, nos termos sinalados no informe do técnico municipal.

5.B) O concelleiro delegado de Urbanismo informa á Xunta de Goberno Local do escrito formulado por D. CARLOS VERDEAL LEITE E D.^a VANESA RÍOS DURÁN no que SOLICITAN licenza de primeira ocupación para vivenda unifamiliar situada no lugar de Piñeiro, pertencente á licenza de obra Expte. nº 242/2003, concedida pola XGL en sesión de data 24.01.2004.

Considerando que a dito escrito únese a documentación esixible para o trámite de licenza de primeira ocupación, e visto o informe do técnico municipal de data 4 de decembro de 2009 que di:

INFORME TÉCNICO SOBRE LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN PARA O EXPEDIENTE DE OBRA 242/03

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS:

A revisión e adaptación das Normas subsidiarias de planeamento municipal de Moaña, na que se sustenta para emitir a seguinte información, foron aprobadas definitivamente polo Concello en sesión plenaria do cinco de febreiro de 1996, publicándose no BOP número 103, do vinte e nove de maio de 1996.

A solicitude obxecto do presente informe, presenta a seguinte documentación:

- Recibo de pago da taxa de liquidación pola Licenza de primeira ocupación.

- Recibo de pago do imposto de construción e da taxa de licenza urbanística
- Certificado final de obra, conforme a obra foi rematada segundo o proxecto aprobado e a documentación técnica que o desenvolve, asinado polo arquitecto técnico D. Cristóbal Juncal Ríos, o día 9 de febreiro de 2006, e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos Técnicos de Pontevedra o día 09 de marzo de 2006; asinado polo arquitecto D. Rafael Oliveira Souto o día 16 de febreiro de 2006, e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o día 21 de marzo de 2006.
- Fotografía e planos do estado final da obra rematada e acordos coa licenza adxudicada.
- Copia de declaración simplificada de alteración de bens inmobles de natureza urbana. Modelo 902-N.
- Copia do acordo de concesión de licenza de obra para o expediente núm. 242/03.

INFORME: Unha vez que se comprobou a documentación requirida e feita unha inspección ao lugar de emprazamento **procede informar favorablemente** a solicitude de Licenza de primeira ocupación.

Liquidación provisoria de tributos

Licenza primeira ocupación 130,00 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a licenza de primeira ocupación para vivenda unifamiliar dimanante da licenza en Expte. nº 242/2003, aos seus promotores D. CARLOS VERDEAL LEITE E D.^a VANESA RÍOS DURÁN, nos termos sinalados no informe do técnico municipal.

6.- LICENZAS DE APERTURAS

EXPEDIENTE Nº 02/05, D.^a MARÍA CAROLINA GARCÍA GAMA solicita licenza de apertura para TAPERÍA na rúa Daniel Castelao, 28, baixo.

Dáse conta do informe emitido polo aparellador municipal do 3 de decembro de 2009, que literalmente di:

EXPEDIENTE DE APERTURA: 02/05
 PETICIONARIO: MARÍA CAROLINA GARCÍA GAMA
 ASUNTO: TAPERÍA
 SITUACIÓN: R/ DANIEL CASTELAO, 28 BAIXO.

INFORME: Procede licenza de apertura para establecemento destiñado a tapería a favor de Maria Carolina García Gama.

Actividade suxeita a licencia de apertura a tenor do determinado no Artigo 22 Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se parva o Regulamento de Servicos das Corporacións Locais. Licenza de actividade outorgada en sesión da Xunta de Goberno Local celebrada o día 3 de decembro do 2007. Aforo do local 64 persoas. A ordenación de usos das NN.SS. de Planeamento Municipal para a zona determina a súa compatibilidade.

A licenza de apertura unha vez incorporados ao expediente, con tramitación en peza separada para esta actividade non clasificada polo Decreto 133/2008, de 12 de xuño polo que se regula a avaliación da incidencia ambiental, do certificado de illamento acústico suscrito por empresa homologada, do certificado final de obras do facultativo director das mesmas aos efectos de verificación que os locais e instalacións reúnen as condicións do acordado para a licenza de actividade poda exercer o seu funcionamento.

Atendendo o disposto na ordenanza para a presente actividade de ocio e esparcemento catalogada do Grupo I que teñen por finalidade fundamental a reunión de persoas para charlar, tomar unha consumición ou comer non se permite a instalación dos aparellos reprodutores de música nin vídeos musicais. o nivel de emisión interno (NEI) máximo de 80 dB(A), o illamento acústico mínimo a ruído aéreo respecto das vivendas superiores será de 55 dB(A) (Dnt+C).

Liquidación provisoria de tributos

Taxa licenza apertura..... 350 €

A Xunta de Goberno Local, unha vez recibidos os preceptivos informes e á vista do informe do aparelador municipal, por unanimidade dos membros asistentes acorda aprobar o outorgamento da licenza de apertura do expediente 02/05 condicionada ao cumprimento dos requisitos reflectidos no informe emitido polo técnico municipal, nos seu propios termos.

7.- OUTROS ESCRITOS E LICENZAS

Visto o escrito remitido pola Xunta de Galicia, Xefatura Territorial da CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA, no que solicita condicionado do Concello para a tramitación da instalación eléctrica, solicitado por UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, S.A., CLAVE: IN407A 2009/852-4, para o que achega separata do proxecto.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 1 de decembro de 2009, que literalmente di:

A instancia da Delegación Territorial de Pontevedra da Consellería de Economía e Industria, en relación coa instalación LMTS CT CALEXON PAZ Nº 1, nº de expediente IN407/A 2009/852-4, cuxo solicitante resulta ser UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, S.A., temos a ben comunicar que este Concello de Moaña non opón condicionado algún a separata do proxecto presentado.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistente acorda aprobar o informe elaborado polo aparelador municipal e **remitilo á Xefatura territorial de Pontevedra da Consellería de Economía e Industria.**

8.- DACIÓN DE CONTAS DE AVOCACIÓNS REALIZADAS

Dáse conta que nas resolucións núm. 688/09 e 698/09, a Alcaldía avocou a competencia delegada á Xunta de Goberno motivada pola urxencia en atender ás obrigas que nelas se recollen.

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

9.- GASTOS DE COMUNIDADE DO APARTAMENTO DE PROPIEDAD MUNICIPAL SITO NA RÚA RAMÓN CABANILLAS, 53.

A administradora – tesoureira da Comunidade de Propietarios “Ramón Cabanillas, 53” achega as cotas comunitarias do apartamento “A”, propiedade municipal e usado pola AVV Praia-Seara, da diferenza de cotas de xuño a outubro 09 e a cota de novembro-décembro 09, por contías de 19,71 € e 35,72 € respectivamente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda recoñecer a obriga por importe de 55,43 euros en concepto de cotas da comunidade de propietarios “Ramón Cabanillas, 53” polo apartamento “A”, que corresponden á diferenza de cotas de xuño a outubro 09 e a cota de novembro-décembro 09, (19,71 € e 35,72 € respectivamente), con cargo á partida orzamentaria 3130 22604, RC 295.

10.- SOLICITUDES DE PAGAMENTO DE GASTOS POR DESPRAZAMENTOS

O inspector xefe da Policía local de Moaña recolle en varios informes solicitudes de integrantes da Policía local para que se lle paguen axudas de custo polos desprazamentos realizados para a asistencia a xuízos. O resumo dos gastos reclamados son:

DATA	AXENTE	CONCEPTO	IMPORTE
Exercicio corrente:			
10/07/09	Del Río González, Emilio	Asistencia a xuízo	11,40
Exercicios anteriores			
17/12/07	Casas Curro, Julio Cesar	Asistencia a xuízo	11,40
12/02/08	Boubeta Villaverde, Fernando	Asistencia a xuízo	3,80
13/02/08	Acevedo Santomé, Javier	Asistencia a xuízo	2,28
28/04/08	Gómez Silva, Manuel	Asistencia a xuízo	2,85
2708/09	García Fernández, Manuel	Asistencia a xuízo	2,85
		Total.....	34,58

Visto o informe do interventor municipal do día 9 de decembro de 2009, no que conclúe que *ante o feito de que no acordo marco regulador das condicións de traballo do persoal funcionario ao servizo do Concello de Moaña non consta a previsión de abono de gastos por causa de desprazamentos por asistencia a xuízos, e xa que este gasto non é unha indemnización por razón do servizo das contempladas no hoxe vixente RD 462/2002, de 24 de maio, e xa eue estas comparecencias xudiciais non se efectúan no marco do servizo encomendado polo Concello de Moaña senón no seno dun procedemento xudicial, e, en todo caso, non constando a existencia dun permiso outorgado polo órgano municipal competente, esta Intervención é contraria ao*

recoñecemento dunha obriga e imputación ao orzamento do Concello de Moaña dos gastos por desprazamentos por mor da asistencia a xuízo, feito polo que se formula reparo ao recoñecemento destas obrigas en cumprimento do disposto no artigo 216 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido la Lei reguladora das facendas locais.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda denegar as solicitudes de pagamento das axudas de custe referidas polos motivos recollidos no informe do interventor municipal.

11.- GRATIFICACIÓNS A FUNCIONARIOS MUNICIPAIS

Vistas as solicitudes de pagamento de gratificacións por servizos extraordinarios do persoal pertencente ao corpo da Policía local, solicitudes realizadas no propio exercicio 2009 ou en anteriores e que nesta data están pendentes de tramitación, das que algunhas están decretadas previamente pola Alcaldía e outras non, e que se recollen nas seguintes táboas:

Relación de horas extras realizadas por axentes da Policia Local, **DECRETADAS** polo Sr. Alcalde

Data	Axente	Servizo	Horas	Importe
08/08/09	Garcia Fernández, Manuel	Control mercadillo	3	59,97
30/04/09	Gestido Malvdio, Eugenio	Reforzo Pleno	3	39,99
08/08/09	Perez Carrera, José Benito	Control mercadillo	3	59,97
15/08/09	Perez Santiago, José Manuel	Mercado-Festa Naseiro	7	139,93
Total			16	299,86

Relación de horas extras realizadas por AXENTES da Policia Local, NON decretadas polo Sr. Alcalde

08/09/09	Acevedo Santomé, Javier	Reforzo pleno extraordinar.	3	39,99	
27/09/09		Control de alcoholemia	3	59,97	
01/10/09		Seguridade Pleno	5	69,98	169,94
08/09/09	Blanco Fernández, Jesus	Reforzo pleno extraordinar.	3	39,99	
02/10/09		Seguridade Pleno	4	53,32	
11/10/09		Control de alcoholemia	2	39,98	133,29
23/06/09	Blanco Portela, Francisco J.	Noite de San Xoan	2	33,32	33,32
27/09/08	Boubeta Villaverde, Fernando	Campionato galego ciclismo	4	79,96	79,96
01/03/09	Casas Curro, Julio César	Xornada electoral	4	79,96	79,96

27/09/08	Casas Curro, Lois Alberte	Campionato galego ciclismo	4	79,96	79,96
01/08/09	Cruz Pena, Javier	Control mercadillo	3	59,97	59,97
25/09/08	Currás Trigo, Manuel Eugenio	Seguridade Pleno	1	16,66	
27/09/08		Campionato galego ciclismo	4	79,96	
01/03/09		Xornada electoral	4	79,96	176,58
25/09/08	Garcia Fernández, Manuel	Seguridade Pleno	1	16,66	
27/09/08		Campionato galego ciclismo	4	79,96	
01/03/09		Xornada electoral	4	79,96	
27/09/09		Control de alcoholemia	3	59,97	
01/10/09		Seguridade Pleno	1	16,66	
26/10/09		Accidente de tráfico	1	19,99	273,20
25/09/08	Gestido Malvdio, Eugenio	Reforzo Pleno	1	16,66	
27/09/08		Campionato galego ciclismo	4	19,99	36,65
19/06/09	Gomez Silva, Manuel	Procesión Corpus	3	39,99	
22/06/09		Reforzo Pleno	4	53,32	
23/06/09		Noite de San Xoan	7	116,62	209,93
01/03/09	Nogueira Perez, Miguel	Xornada electoral	4	79,96	79,96
25/09/08	Perez Carrera, José Benito	Seguridade Pleno	1	16,66	
27/09/08		Seguridade Pleno	4	79,96	
01/03/09		Xornada electoral	4	79,96	176,58
27/09/08	Perez Santiago, José Manuel	Campionato galego ciclismo	4	79,96	
01/08/09		Control mercadillo	3	59,97	
26/10/09		Accidente de tráfico	1	19,99	159,92
01/03/09	Varela Brañas, Luis	Xornada electoral	4	79,96	
13/09/09		Control de alcoholemia	3	59,97	
11/10/09		Control de alcoholemia	2	39,98	179,91

Total	109	1929,13
-------	-----	----------------

O interventor municipal emite informe o día 9 de decembro de 2009, desfavorable para o recoñecemento da obriga en concepto de servizos extraordinarios prestados polos funcionarios municipais, axentes da Policía local, pola inexistencia da documentación requirida polas bases de execución do orzamento para o ano 2009 para a autorización e pagamento de servizos extraordinarios realizados fóra da xornada normal de traballo.

Visto que todas esas horas extraordinarias contan cos informes do xefe da Policía local xustificativos da súa realización,

Vista a existencia de crédito dispoñible para a imputación do gasto destas horas extras de persoal, mesmo as realizadas no ano 2009 por estar así previsto no artigo 176.2.a) do Real decreto lexislativo 2/2004,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda as gratificacións extraordinarias á Policía Local recollidas nas táboas por un importe de 2228,99 €, con cargo á partida orzamentaria 2220 15101, por entenderse efectivamente realizadas como constan nos informes.

12.- CONVENIO COA FEDERACIÓN DE ANPAS “ARCO DA VELLA” PARA FINANCIAMENTO DOS COMEDORES ESCOLARES

Vista a proposta da Alcaldía do 28 de outubro de 2009, que textualmente di:

Vista a solicitude presentada pola FEDERACIÓN DE ANPAS “ARCO DA VELLA” para contribuír ao financiamento da rede de comedores escolares existente no noso Concello.

Visto o interese común do concello de Moaña e a Entidade en promover a escolarización no ensino público, dotándoo daqueles servizos que poidan mellorar a calidade na atención ao alumnado.

Visto que o orzamento prorrogado do Concello de Moaña e o orzamento corrente pendente de aprobación definitiva contemplan a cantidade de 23.000,00 euros na partida 4220.489.03, “Subvención financiamento comedores”.

Visto que a FEDERACIÓN DE ANPAS “ARCO DA VELLA” está inscrita no Rexistro de Asociacións do Concello de Moaña co nº 8 e representa a totalidade das Asociacións de Nais e Pais de Moaña que rexen comedores escolares, polo que non é posible promover a concurrencia para a concesión de subvencións para o fin que se persegue, propoño á xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

- 1.- Conceder á FEDERACIÓN DE ANPAS “ARCO DA VELLA” unha subvención de 23.000,00 euros para contribuír ao financiamento dos comedores escolares xestionados polas Asociacións de Nais e Pais que a conforman.
- 2.- Autorizar e dispoñer o gasto con cargo á partida 4220.489.03 do orzamento en vigor.
- 3.- Aprobar o convenio que regulará a concesión, seguimento e xustificación de dita subvención e facultar ao alcalde para a súa sinatura.

Visto que no expediente consta: memoria dos comedores da FAMPA “Arco da Vella” para o curso 2009-2010; a declaración de axudas concedidas e/ou solicitadas para o mesmo fin; certificado da inclusión das AMPAS dos colexios cuxos comedores serán subvencionados na Federación; certificados da Axencia tributaria, de Facenda e da Seguridade Social de estar ao corrente no pagamento das obrigas; certificación da inclusión da FAMPA Arco da Vella no rexistro de Asociacións do Concello; e acordo da asemblea da FAMPA no que se nomea a persoa responsable para asinar o convenio,

Solicitado informe á Intervención municipal,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:

Primeiro: conceder a subvención de 23.000,00 euros á FAMPA “Arco da Vella” para contribuír ao financiamento dos comedores escolares xestionados polas asociacións de nais e pais que conforman.

Segundo: Autorizar e dispoñer o gasto con cargo á partida 4220.489.03 do orzamento en vigor.

Terceiro: Aprobar o convenio que regulará a concesión, seguimento e xustificación de dita subvención e facultar ao alcalde para a súa sinatura.

13.- SUBVENCIONS A ENTIDADES DEPORTIVAS

Vistas as propostas da concelleira delegada de Deportes en relación á aprobación de sinaturas de convenios con entidades deportivas do Concello así como para que se autoricen e dispoñan os gastos que nelas se indican en concepto de subvencións varias, con motivo de fomentar a consecución da participación veciñal nos asuntos de interese xeral ou sectorial, e dado que no estado de gastos do orzamento do Concello para o exercicio de 2009 figuran subvencións nominativas para estas entidades,

Vista a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e as Bases de execución do orzamento,

Vistos os informes emitidos polo interventor en relación á sinatura destes convenios, nos que conclúe que os expedientes de concesións de subvencións previstas nominativamente no orzamento non se poden entender completos e emite informe de reparo á autorización dos gastos propostos, ao faltaren en cada expediente o orzamento detallado das actividades a subvencionar, o certificado acreditativo da inscrición do clube deportivo no Rexistro de asociacións deportivas e deportistas de Galicia [agás para o Clube de patinaxe Ánfora], e declaración expresa sobre a concesión ou solicitude doutras axudas para a mesma finalidade,

Visto que as entidades recollidas nas propostas da concelleira delegada de Deportes están incluídas no Rexistro municipal de asociacións,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda

Primeiro: Aprobar a sinatura dos convenios e as subvencións propostas pola concelleira de Deportes, autorizando e dispoñendo o gasto polos conceptos que se recollen na seguinte taboa, con indicación da entidade deportiva e da partida á que se imputa o gasto,

ENTIDADE DEPORTIVA	CONCEPTO	IMPORTE	PARTIDA
Clube de patinaxe “Ánfora”	Colaboración VII torneo de Patinaxe “Concello de Moaña”	2.000 € 4520	4520 48906
Sociedade Deportiva SAMERTOLAMEU	Colaboración escola municipal de Remo	1.700 € 4520	4520 48911
	Subv. Escola de Remo	1.700 € 4520	4520 48910

Sociedade Deportiva TIRÁN	Colaboración XXIV BANDEIRA CONCELLO DE MOAÑA TRAIÑEIRIÑAS	1.600 €	4520 48902
Clube Deportivo Moaña	Colaboración XIX TROFEO VILA DE MOAÑA DE FÚTBOL	700 € 4520	4520 48909
Clube Taekwondo Patiño de Moaña	IV Trofeo Concello de Moaña	1.200 € 4520	4520 48912
Clube de Xadrez Bobby Fischer	Colaboración III Torneo Concello de Moaña de Xadrez	2.200 € 4520	4520 48932
Clube de tenis de Moaña	Colaboración V Torneo Aberto de Tenis	2.000 €	45204520 48907

Segundo: Levantar o reparo emitido pola Intervención municipal, debendo completarse a presentación da documentación sinalada nos seus respectivos informes na fase de xustificación do gasto.

Terceiro: Facultara ao alcalde para asinar os convenios cos respectivos clubes

14.- SOLICITUDE DE D.^a SOLEDAD RÍOS SANTOMÉ SOBRE CATALOGACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO.

D.^a. Soledad Ríos Santomé, funcionaria municipal, por escrito do 30 de outubro do ano que andamos expón que vén de ser publicado o día 28 de outubro no BOP o anuncio de exposición pública da aprobación definitiva do catálogo de postos de traballo do persoal funcionario e laboral fixo do Concello de Moaña, o cal outorga un prazo para reclamar e no que figuran relacionadas todas as prazas do Concello, con indicación da súa situación de vacante ou cuberta, segundo o caso. Indica que figuran unicamente dúas prazas de auxiliar administrativo funcionario cubertas cando son tres as persoas funcionarias que traballan no Concello nesa categoría, polo que solicita que se lle aclare cal é das prazas existentes no catálogo de postos de traballo á que se lle adscribe.

O día 9 de novembro de 2009, D.^a Soledad Ríos Santomé presenta un novo escrito ao non se lle contestar á súa solicitude e por non ver aclarada a situación das prazas de auxiliar administrativo cubertas que reflicte a corrección de erros do catálogo de postos de traballo que se publicou no BOP posteriormente ao seu escrito do 30 de outubro, e volve solicitar que se lle informe sobre cal sería a praza que lle correspondería a ela.

Vistas as solicitudes de D.^a Soledad Ríos e ao haber unha soa praza de auxiliar administrativo vacante no catálogo de postos de traballo aprobado definitivamente,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a adscrición de D.^a Soledad Ríos Santomé, funcionaria municipal, á praza vacante de auxiliar administrativo/a de Urbanismo.

15.- SOLICITUDES DE INSCRICIÓN NO REXISTRO MUNICIPAL DE ASOCIACIÓNS

A “ASOCIACIÓN DE MUJERES VIUDAS DEMÓCRATAS EUROPEAS DE VIGO” solicita a súa inscrición no Rexistro municipal de asociacións do Concello de Moaña, por escrito do 19 de maio de 2009. Achegan a primeira folla dos seus estatutos.

Visto que o domicilio social da Asociación está radicado en Vigo e que nos seus estatutos figura que *poderían ser creados locais sociais noutras cidades a proposta da Xunta Directiva, mediante acordo da Asemblea Xeral de Socios*, requiriuselles dende o Concello no mes de agosto de 2009 para que achegaran certificación do acordo tomado en asemblea xeral polo que se aproba crear un local social en Moaña, e para que completasen a documentación que se pide no artigo 2 do regulamento de participación veciñal para solicitar a inscrición no rexistro de asociación.

A presidenta da Asociación presenta no rexistro do Concello, o día 20 de outubro, a documentación que se lle solicitou que subsanase.

Visto que a documentación que debe acompañar a solicitude de inscrición no rexistro municipal de asociacións está completa,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda inscribir a ASOCIACIÓN DE MUJERES VIUDAS DEMÓCRATAS EUROPEAS DE VIGO – LOCAL SOCIAL DE MOAÑA no Rexistro municipal de asociacións co número que lle corresponda.

16.- PROPOSTA DE CONTRATACIÓN POR CONCESIÓN DE SUBVENCIONES COMPLEMENTARIAS DAS OBRAS OU SERVIZOS “MANTEMENTO DE ZONAS VERDES E ESPAZOS PÚBLICOS” E MANTEMENTO E REXERACIÓN DE ESPAZOS NATURAIS” DO PROGRAMA DE COOPERACIÓN LOCAL.

Visto o informe da axente de emprego do día 4 de decembro de 2009,

Vista a proposta da Alcaldía do día 4 de decembro de 2009, que textualmente di:

Á vista do informe emitido pola axente de emprego, do contido nas resolucións de concesión de subvencións complementarias das obras ou servizos; “Mantemento de Zonas Verdes e Espazos Públicos” e “Mantemento e Rexeneración de Espazos Naturais”, integradas nos programas de cooperación local do Concello de Moaña e do contido na Orde de 29 de decembro de 2009 da Consellería de Traballo, reguladora dos Programas de Cooperación, faise necesario aprobar os criterios de selección e poñer en marcha o procedemento de selección de traballadores que formarán parte dos ditos programas.

Polo anterior, **PROPOÑO:**

1º) Aprobar a contratación de un peón xardineiro para a obra ou servizo “Mantemento de Zonas Verdes e Espazos Públicos” e dun peón forestal para a obra ou servizo “Mantemento e Rexeneración de Espazos Naturais”. Os candidatos á contratación serán as persoas que non

resultaron seleccionadas, figurando como suplentes, no proceso de selección para estas categorías, dentro destas obras e servizos, pola súa orde de puntuación. Proceso de selección rematado en data 6 de xuño de 2009. Os resultados deste proceso foron os seguintes:

PEÓN XARDINEIRO Mantemento zonas verdes e espazos públicos	PTOS CURRÍCULO	EXAME TEST	PROBA PRÁCTICA	TOTAL
ALVAREZ CHANTADA, ELENA	3,04	2,75	2,40	8,19
BERMUDEZ GARCÍA, JUAN JESÚS	2,58	0,50	0,90	3,98
CARRION RUBIO, SALVADOR	0,00	0,75	0,30	1,05
CURRAS TRIGO, MARÍA CARMEN	0,00	1,25	1,20	2,45
DURAN DEL RIO, MARÍA ANGELA	1,81	0,75	2,19	4,75
FERNANDEZ IGLESIAS, MYRIAM	1,91	1,75	1,35	5,01
GUIMERANS LORENZO, ISABEL	0,92	NP	NP	NP
MOREIRA CURRAS, MARÍA CELESTINA	0,00	0,50	0,90	1,40
PAREDES RODRÍGUEZ, CESAR	3,31	0,75	1,50	5,56
PEREIRA IGLESIAS, ESPERANZA	0,72	2,25	2,25	5,22
RODRÍGUEZ MAAS, SUSANA ELVIRA	2,67	2,50	1,20	6,37
SANTOME DURAN, MARIA ISABEL	0,44	0,50	0,00	0,94

PEÓN FORESTAL Mantemento e rexeneración espazos naturais	PTOS CURRÍCULO	EXAME TEST	PROBA PRÁCTICA	TOTAL
ALVAREZ COELLO, DANIEL	0,00	0,00	1,35	1,35
GUIMERANS LORENZO, ISABEL	0,92	2,50	2,25	5,67
JUNCAL FERVENZA, RAMIRO	1,76	2,75	2,25	6,76
MAYA GIL, MARÍA ROCÍO	0,60	1,75	1,95	4,30
PEQUEÑO MOREIRA, MARÍA CARMEN	0,99	2,00	1,50	4,49
RODRÍGUEZ COLLAZO, JESÚS	1,37	NP	NP	
SANTIAGO SILVA, MARÍA	1,20	0,50	0,30	2,00
SANTOME DURAN, MARIA ISABEL	0,44	NP	NP	

As persoas que figuran en negriña son as que xa están contratadas no programa.

Por tanto **proponse a contratación como peón xardineiro de Miriam Fernandez Iglesias e como peón forestal de María Santiago Silva**, dado que figuran como primeiros suplentes á vista da súa puntuación, previa comprobación de que manteñen a súa situación de desemprego e inscrición na oficina de emprego, e de que lles interesa o posto de traballo ofertado.

Se algún dos candidatos non cumprira con estes requisitos contrataríase ao seguinte por orde de puntuación.

2º) Os traballadores seleccionados serán contratados en data 11 de decembro de 2009 por un período de 6 meses.

3º) As retribucións a percibir polos traballadores serán as seguintes:

OCUPACIÓN	SALARIO MES	COMP. POSTO	p.p. EXTRA	PLUS ESTRAS.	SALARIO BRUTO	BASE COTIZAC.	COTA EMP. S.S.	CUSTO TOTAL MES	I. x CESE FINAL
SUBVENCIÓN COMPLEMENTARIA MANTEMENTO DE ZONAS VERDES E ESPAZOS PÚBLICOS (CONVENIO COLECTIVO DO SECTOR DA CONSTRUCCIÓN).									
PEÓN XARDINEIRO	1.042,91	0,00	173,82	85,00	1.301,73	1.216,73	463,57	1.765,30	511,03
SUBVENCIÓN COMPLEMENTARIA MANTEMENTO E REXENERACIÓN DE ESPAZOS NATURAIS (CONVENIO COLECTIVO DO SECTOR DA CONSTRUCCIÓN).									
PEÓN FORESTAL	1.042,91	0,00	173,82	85,00	1.301,73	1.216,73	463,57	1.765,30	511,03

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a proposta nos seus xustos termos e así proceder á contratación como peoa xardineira de D.^a Miriam Fernandez Iglesias, e como peoa forestal de D.^a María Santiago Silva, previa comprobación de que manteñen a súa situación de desemprego e inscrición na oficina de emprego, e de que lles interesa o posto de traballo ofertado.-se algúnha das candidatas non cumprisen con estes requisitos contrataríase ao seguinte por orde de puntuación-, coas retribucións que se recollen na proposta.

17.- CERTIFICACIÓN Nº 6 E LIQUIDACIÓN DA OBRA “CONSTRCCIÓN DE DOUS CAMPOS DE FÚTBOL-7 DE HERBA ARTIFICIAL NA XUNQUEIRA (MOAÑA)”

Dáse conta das certificacións ordinarias nº 6 e liquidación da obra “Construcción de dous campos de fútbol-7 de herba artificial na Xunqueira (Moaña)”, presentadas pola empresa ELITE SPORT S.A., de data 13 de novembro de 2009, asinadas polo director da obra D. José Luís Domínguez González.

Visto o informe da Intervención Municipal de data 9 de decembro de 2009.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

Primeiro: Levantar o reparo da Intervención recollido no seu informe de data 9 de decembro de 2009, por entender que os defectos de tramitación sinalados non son subsanables, as obras foron efectivamente executadas e para evitar o enriquecemento inxusto da Administración.

Segundo: Aprobar a certificación ordinaria nº 6 e liquidación de data 13 de novembro de 2009 por importe de 111.642,00 €, certificacións da obra “Construcción de dous campos de fútbol-7 de herba artificial na Xunqueira (Moaña)”.

Terceiro: Aprobar a factura nº CA9/21, do 13 de novembro de 2009 por importe de 111.642,00 euros presentada por ELITE SPORT S.A, recoñecendo a obriga con cargo á partida 4520.62203.

18.- FURANCHOS

18.A) D^a. MARÍA CHAPELA PAREDES solicita autorización para abrir un furancho para a venda de 600 litros de viño de colleita propia, na Marrúa, 24, Moaña, a partir do mes de xaneiro. Presenta declaración de colleita de uva, de produción campaña 2009-10 da Consellería de Medio Rural, e copia da inscrición no rexistro vitícola do MAPA.

A Xunta de Goberno, por unanimidade das persoas asistentes, acorda autorizar a instalación do furancho solicitado, dende o mes de xaneiro e por un período de tres meses, debendo cumprir co establecido no Decreto 116/2008 de 8 de maio da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.e a Orde do 23 de setembro que o desenvolve.

18.B) D^a. ISABEL DEL RÍO VIEITEZ solicita autorización para abrir un furancho para a venda de 500 litros de viño de colleita propia, en Outeiro-Cruceiro, 81, Moaña, a partir do mes de maio de 2010 ata o 30 de xuño dese mesmo ano. Presenta declaración de colleita de uva, de produción campaña 2009-10 da Consellería de Medio Rural, e copia da inscrición no rexistro vitícola do MAPA.

A Xunta de Goberno, por unanimidade das persoas asistentes, acorda autorizar a instalación do furancho solicitado, dende o mes de maio ata o 30 de xuño de 2010, debendo cumprir co establecido no Decreto 116/2008 de 8 de maio da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.e a Orde do 23 de setembro que o desenvolve.

19.- SERVIZO DE AUGAS AQUALIA: CONEXIÓNS AUGAS E SANEAMENTO

Á vista das solicitudes presentadas, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar as que se relacionan a continuación:

	Servizo	Lugar	Taxas aboadas	Informe favorable
MANUEL PIÑEIRO ÁLVAREZ	Saneamento, uso doméstico	Ribeira, 276 - Meira	Saenaemtno180 €	Aqualia Arq. Técn. Municipal
ROSA CLARA CASAL FREIRE	Saneamento, uso doméstico	Isamil, 341	Saenaemtno180 €	Aqualia Arq. Técn. Municipal
EDUARDO RODRIGO FERNÁNDEZ FDEZ.	Auga uso doméstico	Pura P. Prado, s/b – portal 2 – 2º D (urban. O Rosal)	Conexión60 € Fianza 20 €	Aqualia
CARMEN PAZ COUSO	Saneamento, uso doméstico	Couso – 95 A – Meira	Saenaemtno180 €	Aqualia Arq. Técn. Municipal
SILVIA GÓMEZ RODRÍGUEZ	Saneamento, uso doméstico	Caeiro, 157	Saenaemtno180 €	Aqualia Arq. Técn. Municipal
DANIEL SANTOMÉ BERMUDEZ	Saneamento, uso doméstico	Ribeira, 277 - Meira	Saenaemtno180 €	Aqualia Arq. Técn. Municipal
M ^a SOLEDAD GONZÁLEZ ÁLVAREZ.	Auga uso doméstico	Ramón Cabanillas, 139	Conexión60 € Fianza 20 €	Aqualia
MARÍA MARTÍNEZ BOUBETA	Saneamento, uso doméstico	Moureira, 203 - Meira	Saenaemtno180 €	Aqualia Arq. Técn. Municipal
MARÍA MARTÍNEZ BOUBETA	Saneamento, uso doméstico	Moureira, 23 - Meira	Saenaemtno180 €	Aqualia Arq. Técn. Municipal
ANTONIO ABAL PAREDES	Saneamento, uso doméstico	Pombal, 44 - Mieraa	Saenaemtno180 €	Aqualia Arq. Técn. Municipal

JOSE ANTONIO GONZÁLEZ PARADA	Saneamento, doméstico	uso	Igrexario, 135 A – Tirán	Saenaemtno180 €	Aqualia Arq. Técn. Municipal
PATRICIA BLANCO ÁLVAREZ	Saneamento, doméstico	uso	Baixada ao Cocho, 219	Saenaemtno180 €	Aqualia Arq. Técn. Municipal
FERNANDO ÁLVAREZ CASAS	Saneamento, doméstico	uso	A Guía, 220 - Meira	Saenaemtno180 €	Aqualia Arq. Técn. Municipal

Sen máis asuntos que tratar, a Presidencia dá por rematada a sesión, ás 19:2 horas do día fixado no encabezamento, de todo o que, como secretario, DOU FE.